



Servizo de Persoal Docente e Investigador
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 4 de xullo de 2018 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, a José Antonio Becerra Permuy.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 13 de abril de 2018 (BOE do 30 de abril de 2018), para a provisión da praza número 18/005 de Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, departamento de Computación desta universidade, a favor de José Antonio Becerra Permuy, con DNI núm. 32663236Q, e unha vez que o interesado acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a José Antonio Becerra Permuy, Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, departamento de Computación desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", o candidato deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 4 de xullo de 2018

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	T03XaN1r/7nxTgu3P51mFQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/07/2018 13:06:10
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/T03XaN1r/7nxTgu3P51mFQ==		

